Brachypodium phoenicoides (L.) Roem. & Schult., 1817

braquipodio avermellado
botea/o, broza basta, fenal, lactón
agropir glauc, fenàs de marge
thinlearf false brome
braquipópido, braquipódio-avermelhado



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Liliopsida**	**Poales**	**Poaceae**	***Brachypodium***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Planta perenne, rizomatosa, cun rizoma ramificado. Talos de ata 125 cm, erectos, con 1-2 nós, glabros ou lixeiramente escabrosos debaixo da inflorescencia. Follas case todas basais, ríxidas, moi a miúdo aveludadas. Lígula de 1-2 mm, xeralmente truncada, coriácea e frecuentemente ciliada na marxe. Espiga cun raque de 5-23 cm, recta, ríxida, que leva 4-12 espiguiñas. Espículas de 20-40 mm de longo, xeralmente falcadas antes da antese, glabras ou aveludadas-seríceas, con 5-25 floretes. Glumas laneoladas, coriáceas, agudas, mucronadas; a inferior de 3,5-7 mm de longo, con 3-6 veas; a superior de 6-9 mm de longo, con 7 veas. Floración e frutificación de xuño a xullo.

HÁBITAT

Vive en gabias, prados secos, matogueiras e bosques abertos das rexións mediterráneas e da zona montañosa, ata os 1800 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Distribúese por toda a rexión do Mediterráneo occidental, dende Eslovenia ata Macedonia do norte, Grecia e Madeira.

CURIOSIDADES

Útil en pendentes para a fixación, estabilización e protección do solo.